

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, no que respecta ás competencias das Administracións Públicas:

- A) É competencia do Estado a sanidade exterior e as actividades e funcións de sanidade exterior regularanse por lei.
- B) É competencia das Comunidades Autónomas a sanidade exterior e as actividades e funcións de sanidade exterior regularanse por lei.
- C) É competencia do Estado a sanidade exterior e as actividades e funcións de sanidade exterior regularanse por real decreto.
- D) É competencia das Comunidades Autónomas a sanidade exterior e as actividades e funcións de sanidade exterior regularanse por real decreto.

2. Segundo o Decreto 206/2005, que porcentaxe da puntuación total dun proceso de concurso-oposición pode representar a fase de concurso?

- A) Non pode superar o 20 % da puntuación total.
- B) Non pode superar o 40 % da puntuación total.
- C) Pode representar ata o 50 % da puntuación total.
- D) Non hai un límite establecido na normativa.

3. Que establece o artigo 43 da Constitución Española sobre a protección da saúde?

- A) Que a protección da saúde é un dereito fundamental da cidadanía.
- B) Que compete exclusivamente ás Comunidades Autónomas garantir a sanidade pública.
- C) Que os poderes públicos deben garantir a saúde mediante medidas preventivas e prestacións necesarias.
- D) Que a sanidade pública só debe atender ás persoas con nacionalidade española e ás extranxeiras de países que asinaran tratados recíprocos con España.

4. De acordo coa sección de dereitos fundamentais e liberdades públicas da Constitución Española de 1978, cal das seguintes opcións é correcta?

- A) Recoñécese o dereito á protección da saúde.
- B) Todos os españois teñen dereito a desfrutar dunha vivenda digna e adecuada.
- C) Os poderes públicos aseguran, así mesmo, a protección integral dos fillos, iguais estes ante a lei con independencia da súa filiación, e das nais, calquera que sexa o seu estado civil. A lei posibilitará a investigación da paternidade.
- D) Todas as opcións anteriores son falsas.

5. En que ano se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia?

- A) 1978.
- B) 1981.
- C) 1989.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

6. Segundo o artigo 33 da Lei de Saúde de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta sobre as autoridades sanitarias?

- A) A autoridade sanitaria en Galicia límitase ao Consello da Xunta e á Consellería de Sanidade, sen incluír ás administracións locais nin a profesionais sanitarios.
- B) Só o persoal sanitario con funcións de vixilancia epidemiolóxica pode ser considerado autoridade sanitaria, e unicamente en situacións de crise sanitaria declaradas ou epidemias.
- C) Son autoridades sanitarias o Consello da Xunta, a persoa titular da Consellería de Sanidade, as xefaturas territoriais de sanidade, as alcaldías e o persoal de inspección, quen pode adoptar medidas para garantir os dereitos sanitarios, solicitar apoio das forzas de seguridade e esixir colaboración cidadá en caso de crise sanitaria.
- D) A Consellería de Sanidade é a única entidade con competencias para establecer intervencións sanitarias, e as alcaldías só poden actuar se reciben autorización expresa da Xunta de Galicia.

7. Segundo a Lei 3/2001 de Galicia, quen ten principalmente a responsabilidade de garantir o dereito á información da persoa paciente, previa ao consentimento?

- A) O centro sanitario.
- B) O persoal de enfermaría.
- C) O médico responsable da persoa paciente
- D) A Comisión de Consentimento Informado.

8. Cal dos seguintes criterios non se describe para a clasificación do persoal estatutario segundo o artigo 5 do Estatuto Marco?

- A) A función desenvolvida dentro do servizo de saúde.
- B) O nivel do título esixido para o ingreso.
- C) A antigüidade acumulada no desempeño do posto.
- D) O tipo de nomeamento recibido.

9. Por que tipo de norma se aprobou o vixente Estatuto de Autonomía de Galicia?

- A) Real decreto.
- B) Orde das Cortes Xerais.
- C) Lei orgánica.
- D) Lei.

10. Segundo o Capítulo V da Lei 31/1995, a través de que figura se canaliza principalmente a participación especializada das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos en empresas ou centros de traballo que contén con seis ou máis traballadores/as?

- A) O Comité de Empresa.
- B) Os representantes sindicais.
- C) Os delegados de prevención.
- D) O servizo de prevención propio ou alleo.

1. De acordo co Capítulo III da Lei 31/1995, cal das seguintes opcións é falsa en materia de prevención de riscos laborais?

- A) O persoal ten dereito á vixilancia periódica do seu estado de saúde.
- B) O persoal ten dereito a recibir unha compensación económica polos riscos inherentes ao seu posto de traballo.
- C) O empregador deberá combater os riscos na súa orixe.
- D) O empresario deberá avaliar os riscos que non se poidan evitar.

2. En relación cos procedementos de provisión de prazas do persoal estatutario fixo do SERGAS, cal das seguintes afirmacións é a correcta?

- A) O concurso de traslados é o procedemento habitual para a provisión temporal de prazas.
- B) A comisión de servizos permite ocupar temporalmente un posto de traballo por necesidades do servizo ou por motivos persoais, sen reserva do posto de orixe.
- C) O reingreso ao servizo activo só pode producirse mediante a participación nun proceso selectivo de novo acceso.
- D) Todas as opcións anteriores son falsas.